



PLAN DE CONVIVENCIA

CEIP MESTRE MANUEL GARCÍA

CURSO 2022 - 2023



ÍNDICE

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN.
 - CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.
 - XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DA CONVIVENCIA.
 - CONFLICTIVIDADE.
 - ACTUACIÓNS.
2. OBXECTIVOS.
3. ACTUACIÓNS MEDIDAS E PROGRAMAS.
4. CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E PERSOAS RESPONSABLES.
5. NORMAS DE CONVIVENCIA.
6. CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.
7. COMISIÓN DE CONVIVENCIA.
8. COORDINACIÓN E COLABORACIÓN.
9. DIFUSIÓN DO PLAN.
10. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA.
11. ANEXOS COS MODELOS DE DOCUMENTACIÓN.



1. A análise da situación, partindo dun diagnóstico previo da convivencia no centro.

A análise ou diagnóstico é o punto de partida para coñecer o estado da convivencia no centro e, de ser o caso, a conflictividade detectada neste. Tal como se establece no artigo 14 do Decreto 8/2015, recolle, como mínimo, os seguintes aspectos:

* **Características do centro e do seu contorno que contextualizan a intervención educativa.**

O centro, CEIP Mestre Manuel García, sito no concello de Oia (Pontevedra) é un centro dunha soa liña cun total de 132 alumnos e alumnas matriculados. Atópase nun entorno rural na zona do Arrabal. Conta con servizos complementarios de Plan Madruga, comedor escolar de xestión directa e transporte (3 liñas de bus), así como actividades extraescolares en horario de tarde xestionadas pola ANPA. Dentro do seu claustro de profesorado hai 16 prazas (3 de elas con carácter itinerante: xefatura de orientación e audición e linguaxe con centro base aquí pero itinerando co CEIP Refoxos e a mestra especialista de Relixión Católica con centro base no CEIP de Tebra). A maiores temos a figura dunha PT a tempo parcial dentro do programa PROA+.

Os últimos anos non hai proxecto de dirección polo cal os postos do equipo directivo son nomeados de maneira forzosa dende o Servizo de Inspección cada dous anos.

* **Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.**

As relacións entre o profesorado, alumnado, persoal e as familias son, en xeral, boas e fluidas. A participación na vida do centro por parte da comunidade educativa é activa e dinámica. Ao ser centro con matrícula aberta debido a que non ten o ratio máximo nas súas aulas, somos susceptibles á acollida de novo alumnado durante o curso.

* **Conflictividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes.**

A conflictividade detectada no centro, facendo análise dos rexistros de incidencias, maioritariamente son incidencias de atitude e comportamento na aula ordinaria e conflitos interpersoais nos tempos de lecer (recreos e patios), entradas e servizos complementarios (comedor e transporte escolar).

* **Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.**

As actuacións desenvolvidas ata o daga foron efectivas na súa medida pero contemplan unha marxe de mellora, é por iso que se presentan no seguinte plan a continuidade e/ou actualización das mesmas, así como a incorporación de novas medidas.



2. Os obxectivos específicos do Plan de convivencia derivados da análise previa.

O plan de convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

E como obxectivos específicos:

- Elaborar o plan de acollida.
- Actualizar o plan de convivencia.
- Revisión das NOF.
- Dinamizar as asembleas de aula e o alumnado delegado.
- Realizar dinámicas para a conmemoración do 25N e o 8M.
- Implementar o programa de mediadores e de T.E.I.
- Revisar a documentación do centro para adecualala en consonancia ao propio plan.
- Programar xornadas de sensibilización da diversidade funcional.
- Colaborar na graduación de 6º de EP e o seu contacto co IES.
- Fomentar os recreos inclusivos.
- Analizar o estado da convivencia a nivel aula, centro e contexto escolar.



- Potenciar os contratos programa (convive-t, iguala-t, inclue-t, emociona-t,...).
- Supervisar o funcionamento da aula de convivencia.
- Organizar actividades de convivencia escolar en colaboración cos diferentes equipos do centro.
- Propoñer charlas sobre prevención de acoso, ciberacoso, ...
- Facilitar o inicio de curso, na medida do posible ao alumnado con NEE.
- Analizar o clima de convivencia escolar a través das enquisas da consellería.
- Incluir cartelería accesible no centro.
- Asesorar sobre a incorporación de novo alumnado, familias e profesionais ao centro.
- Organizar a xornada de portas abertas.
- Favorecer o paso do alumnado dende a etapa de EI a EP. E de EP a ESO.
- Continuar coa liña de hábitos de vida saudable.

3. Descrición das actuacións, das medidas ou dos programas que se van desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, entre outras.

Entre as actuacións, as medidas ou os programas que se poden desenvolver para favorecer a convivencia enuméranse os seguintes:

1. Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación. Debe considerarse, especialmente, a organización do centro e da aula; a coordinación das actuacións docentes; a programación e desenvolvemento do currículo; as estratexias metodolóxicas; a avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente; e as actividades complementarias e extraescolares.
2. Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, incluída a formación co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
3. Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia, incluíndo a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá.
4. Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar, que incorporará, como mínimo, as seguintes previsións:
 - a) Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.
 - b) Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.
 - c) Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación, pola persoa titular da dirección do centro ou titular do centro concertado, dunha persoa responsable da atención á vítima de entre o persoal do propio centro docente. Esta designación procurarase que, cando sexa posible, recaia sobre unha persoa con que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.



5. Medidas que se poden aplicar no centro para previr, detectar, mediar e resolver os conflitos que poidan xurdir, entre as cales se incluírán os compromisos de convivencia, as actuacións preventivas e que contribúan á detección da conflictividade e a conciliación ou mediación na resolución dos conflitos que puidesen xurdir, de conformidade co establecido neste decreto.

6. Medidas ou programas específicos para promover a convivencia no centro, que fomenten o diálogo, a corresponsabilidade e a cultura de paz.

- **Actuacións preventivas para a detección da conflictividade (art. 21)**

As actuacións preventivas e aquelas que contribúan á detección e xestión da conflictividade deberán incluírse nos respectivos plans de convivencia e serán, como mínimo, as seguintes:

a) Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares da aula, especificando os dereitos e deberes do alumnado e as correccións ou medidas reeducadoras que, de ser o caso, se apliquen.

b) Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa.

c) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.

d) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

e) Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores.

- **Actuacións formativas en materia de convivencia escolar (art. 22)**

1. A consellería competente en materia de educación impulsará a realización de actuacións formativas dos distintos membros da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, especialmente, aquelas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre mulleres e homes e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

2. No marco dos seus plans de convivencia, os centros establecerán as actuacións correspondentes para a formación do profesorado, o alumnado, as familias e o persoal non docente en materia de convivencia. De ser o caso, estas actuacións formativas poderán realizarse de forma conxunta.

3. Nos plans anuais de formación permanente do profesorado incluíranse accións dirixidas especificamente a mellorar a súa formación no ámbito da educación para a cultura da paz, a igualdade entre mulleres e



homes, a sensibilización na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social, e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

- **Programas relacionados coa mellora da convivencia nos centros e recursos educativos (art 23)**

1. A consellería con competencias en materia de educación potenciará a realización de proxectos de innovación e investigación educativa relacionados coa mellora da convivencia escolar e divulgará aqueles que, pola súa calidade e aplicabilidade, sexan considerados de interese para os centros, e poñeráos, de ser o caso, á disposición dos membros da comunidade educativa no seu portal educativo.

2. A consellería con competencias en materia de educación promoverá que os centros dispoñan de materiais e recursos didácticos que lles permitan a potenciación dos valores da cultura da paz, a prevención da violencia, a sensibilización na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social, a educación emocional, a mellora da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.

- **Medidas complementarias para a mellora da convivencia (art. 24)**

1. O departamento de orientación de cada centro elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

Así mesmo, elaborárase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente entre o departamento de orientación e o profesorado titor, que procurarán implicar o resto do profesorado e as familias e, de ser o caso, os servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

2. Poderán desenvolverse, ademais, programas que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto e a autoestima, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, traballo cooperativo, educación afectivo-sexual e a igualdade entre homes e mulleres.

- **Aula de convivencia inclusiva (art. 25)**

Ver no apartado de aula de convivencia.



- **Mediación escolar (art. 26)**

1. A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.

2. Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, regulados expresamente no capítulo IV do título III deste decreto, os centros poderán utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.

3. O plan de convivencia incluirá as directrices para a:

- Creación dos equipos de mediación: en 6º de EP coa entrada do curso, partindo dos voluntarios de biblioteca e creando tandems para os turnos de neno-nena e previa formación en resolución de conflitos.
- Características do seu funcionamento: o seu ámbito de actuación será nos tempos de recreo, indo debidamente identificados con credenciais e chaleco, estableceranse quendas diarias. Instalarese na zona de xogo un banco (faladoiro) para poder usalo dentro do diálogo.
- Pautas de actuación que se seguirán para derivar un caso de conflito cara á mediación: derivaranse casos menores de incidencias na convivencia durante o tempo de xogo, sempre apoiados pola parella de profesores de garda.

4. Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecerase a mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.

- **Protocolos de actuación e documentos (art. 28)**

1. A consellería competente en materia de educación porá á disposición dos centros un protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar propondo as pautas de prevención, actuación e intervención que se poidan adoptar para garantir a seguridade e a protección do alumnado, así como a continuidade da súa aprendizaxe. Este protocolo terá un carácter básico e deberá ser contextualizado ou adaptado ao centro e ao seu contorno para, finalmente, ser incluído no plan de convivencia do centro.

2. Facilitaranse igualmente modelos normalizados para a tramitación dos procedementos de corrección de condutas contrarias á convivencia ou, de ser o caso, para a tramitación de calquera outro procedemento en materia de convivencia.

- **Outras actuacións complementarias (art. 29)**

A consellería competente en materia de educación desenvolverá e promoverá outras actuacións que contribúan a mellorar a convivencia escolar nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, que poderán ser as seguintes:

a) Colaboración e coordinación con outras entidades, organismos e institucións públicas ou privadas e cos medios de comunicación para pór en marcha campañas de información e sensibilización para incentivar a cultura da paz, previr a violencia e o acoso escolar.

- b) Organización de xornadas técnicas, espazos de reflexión, discusión e posta en común de aspectos relacionados coa convivencia escolar.
- c) Asesoramento para a elaboración e seguimento dos plans de convivencia nos centros docentes.

Tamén será moi importante a difusión, seguimento e avaliación que se faga das actuacións, programas e medidas referidas á mellora da convivencia nos centros educativos, tal como se recolle nos artigos 30 e 31 do citado decreto.

4. Concreción, en cada unha das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas ou dos órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van seguir para o seu desenvolvemento e execución.

Todas estas actividades parten do equipo de convivencia e contarán sempre coa súa colaboración.

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	PLAN DE ACOLLIDA
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	COMISIÓN CONVIVENCIA
PERSONAS DESTINATARIAS	Comunidade educativa
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	Elaboración e actualización do plan de acollida do centro. Presentación a claustro, consello e posterior aprobación.

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	PLAN DE CONVIVENCIA
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	COMISIÓN CONVIVENCIA
PERSONAS DESTINATARIAS	Comunidade educativa
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	Actualización do plan de convivencia. Presentación a claustro, consello e posterior aprobación.

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	NOF
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	COMISIÓN CONVIVENCIA
PERSONAS DESTINATARIAS	Comunidade educativa
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	Revisión e actualización, de ser o caso, das NOF do centro. Presentación a claustro, consello e posterior aprobación.

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	ASAMBLEAS DE AULA
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	TITORES + DO
PERSONAS DESTINATARIAS	Profesorado titor e alumnado.
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	Constitución das assembleas dentro das normas de aula.

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	ALUMNADO DELEGADO
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	XXEE + TITORÍAS
PERSONAS DESTINATARIAS	Alumnado
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	Procedemento polo cal cada titoría escolle a un delegado e subdelegado para que sexa o seu representante na xunta de delegados que se reúne periódicamente e participa activamente na toma de decisións no centro.

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	ACTIVIDADE 25N
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	EQUIPO DE CONVIVENCIA
PERSONAS DESTINATARIAS	Comunidade educativa
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	Actividade para celebrar a conmemoración do 25 – M a determinar na PXA anual.

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	ACTIVIDADE 8M
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	EQUIPO DE CONVIVENCIA
PERSONAS DESTINATARIAS	Comunidade educativa
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	Actividade para celebrar a conmemoración do 25 – M a determinar na PXA anual.

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	ACTUALIZACIÓN CARTELERÍA ACCESIBLE
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	EQUIPO DE CONVIVENCIA
PERSONAS DESTINATARIAS	Comunidade educativa
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	Impresión e instalación da nova cartelería accesible dos distintos espazos físicos do centro.



ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	SEMANA DA DISCAPACIDADE
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	DO + TITORÍAS
PERSONAS DESTINATARIAS	Alumnado
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	Dentro da PXA establecerase unha semana especial de actividades por niveis, encadrada dentro do día da discapacidade, coordinadas polo DO para sensibilizar sobre a diversidade.

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	CONTACTO INTER-ETAPA
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	TITORÍAS 6º EI E 1º EP
PERSONAS DESTINATARIAS	Alumnado 6º EI e 1º EP.
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	Actividade conxunta entre o alumnado destas etapas para favorecer o cambio de etapa a finais de curso. Visita ao primeiro piso e posibilidade de recreo compartido.

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	CONTRATO PROGRAMA (INCLÚE-T)
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	EQUIPO CONVIVENCIA
PERSONAS DESTINATARIAS	Alumnado
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	Continuación cos obradoiros en LSE de temporalidade trimestral.

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	CONTRATO PROGRAMA (EMOCIONA-T)
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	XEFATURA DO
PERSONAS DESTINATARIAS	Alumnado
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	Programación de actividades en prol do desenvolvemento san das emocións a través do Contrato – Programa que benefician a todo o alumnado do centro.

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	CONTRATO PROGRAMA (IGUALA-T)
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	EQUIPO CONVIVENCIA
PERSONAS DESTINATARIAS	Alumnado primaria
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	Continuación co programa do módulo de igualdade na aula virtual de carácter mensual para Educación Primaria.

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	CONTRATO PROGRAMA (CONVIVE-T)
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	XEFATURA DO
PERSONAS DESTINATARIAS	Comunidade educativa
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	Programación de actividades en prol da convivencia escolar a través do Contrato – Programa que beneficien a toda a comunidade educativa. Preferentemente enfocándose en protocolos axeitados nos servizos complementarios (bus e comedor).

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	PROGRAMA MEDIADORES
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	XEFATURA DO + 6º EP
PERSONAS DESTINATARIAS	Alumnado
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	* Ver no apartado do propio plan de convivencia.

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	PROGRAMA T. E. I.
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	XEFATURA DO + 3º/5º EP
PERSONAS DESTINATARIAS	Alumnado de 3º e 5º EP
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	Establecemento do programa TEI nos niveis xa mencionados a través dun sistema de titores e tutorandos co fin de mellorar a convivencia no centro. Estableceranse durante o mes de setembro as parellas partindo do principio de igualdade e inclusión. Daranse charlas formativas (procurando que coincida no proxecto competencial) e organizaranse actividades de convivencia de carácter trimestral así como un buzón de correspondencia entre o alumnado.



ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	REVISIÓN DOCUMENTACIÓN
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	EQUIPO DE CONVIVENCIA
PERSONAS DESTINATARIAS	Comunidade educativa
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	O equipo de convivencia ao longo do curso revisará o resto de documentación do centro para asegurarse de que se adecúe co plan de convivencia. Así mesmo correxirá posibles casos de vocabulario sexista ou non inclusivo.

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	GRADUACIÓN 6º EP e 6º EI
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	TITORÍA 6º EP e 6º EI + ED
PERSONAS DESTINATARIAS	Alumnado e familias 6º EP
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	No mes de xuño procederase a programar unha conmemoración en horario de tarde para festexar a graduación das dúas etapas á cal estarán convidadas as familias.

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	NOITE NA BIBLIO
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	EQUIPO BIBLIO + CONVIVENCIA
PERSONAS DESTINATARIAS	Alumnado de 4º EP
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	Organización dunha actividade de convivencia para o alumnado de 4º EP conxunta co equipo de biblioteca para organizar unha noite especial na que os nenos e nenas vivan a experiencia a través dunha serie de actividades e xogos.

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	CHARLA CIBERACOSO
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	ED + EQUIPO CONVIVENCIA + TITORÍAS 3º CICLO
PERSONAS DESTINATARIAS	Alumnado 3º ciclo
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	Dentro do programa director establecerase a posibilidade de solicitar unha charla a través de axentes externos dentro do centro para concienciar sobre o acoso e ciberacoso no 3º ciclo.

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	AULA DE CONVIVENCIA
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	ED + DO
PERSOAS DESTINATARIAS	Alumnado
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	<p>Procederase a facer unha reestruturación do funcionamento da aula de convivencia así como a renovación dos seus materiais e documentación. Posibilidade de adecualo dentro do contrato-programa Convive-T.</p> <p>* Ver no apartado específico dentro do plan de convivencia: "Aula de convivencia".</p>

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	XORNADA DE PORTAS ABERTAS
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	ED
PERSOAS DESTINATARIAS	Familias de Oia
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	<p>A partir da data da apertura de solicitudes para nova matriculación o centro establecerá e publicitará un día para facer unha xornada de portas abertas para dar a coñecer o noso colexio.</p>

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	CONTACTO COA GALIÑA AZUL
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	COORDINADORA EI
PERSOAS DESTINATARIAS	Alumnado e familias da Galiña Azul
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	<p>Visita do alumnado da Galiña Azul ao centro como primeira toma de contacto e co fin de favorecer e anticipar o cambio de ciclo e de centro. Escollerase o día e o procedemento a través dunha reunión entre a persoa responsable da Galiña e a coordinadora do 2º ciclo.</p>

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	CONTACTO CO IES
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	XEFATURA DO + TITORÍA 6º EP
PERSOAS DESTINATARIAS	Alumnado de 6º e futuro alumnado EI
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	Establecerase unha reunión do DO do centro co DO do IES adscrito (con valoración da adecuación de facelo tamén co da Guarda) durante o 3º trimestre. Posterior visita do alumnado ao IES para unha primeira toma de contacto.

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	ACOLLIDA NEE SETEMBRO
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	DO + TITORÍAS
PERSOAS DESTINATARIAS	Alumnado NEE
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	Valorarase a necesidade dunha anticipación a comezos de setembro dende o DO sobre a posibilidade de citar ao alumnado e á súa familia antes de que comece o curso para mostrarlle a nova aula e presentar ao novo profesorado.

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	RECREOS INCLUSIVOS
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	TITORES + DO
PERSOAS DESTINATARIAS	Alumnado
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	Estableceranse caixas de material por cursos, ámbitos ou días da semana para o tempo de lecer. Ademais haberá responsables dese material e actualizarase o material manipulativo do patio de infantil. Continuará o día sen fútbol.

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	ANÁLISE CONVIVENCIA NA AULA
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	TITORES + DO
PERSOAS DESTINATARIAS	Profesorado e alumnado
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	Realizarase unha valoración da situación da aula de maneira continua e final a través dos rexistros de incidencia e das asambleas de aula.

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	AVALIACIÓN CONVIVENCIA ESCOLAR
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	ED + EQUIPO CONVIVENCIA
PERSONAS DESTINATARIAS	Comunidade educativa
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	Difusión e achega das claves a toda a comunidade educativa para poder acceder e responder ao cuestionario da Consellería sobre a convivencia do centro. No caso de 3º ciclo, guíase de onde as aulas.

ACTUACIÓN/MEDIDA/PROGRAMA	LIÑA HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE
PERSOA/ÓRGANO RESPONSABLE	ED + especialista EF
PERSONAS DESTINATARIAS	Comunidade educativa
PROCEDEMENTOS DE DESENVOLVEMENTO	Prevención de condutas problemáticas e adictivas (abuso de TICs e RRSS), ao equilibrio dietético na alimentación (merendas saudables, ecocomedores,...) , ao fomento da práctica de exercicio físico (boulder, piscina,...) e ao desenvolvemento de programas de educación para a saúde (a través do Pan Proxecta e Xogade).

RESPONSABLES DAS ACTUACIÓNS

Cada unha das actuacións debe ter asignada unha persoa ou persoas responsables desta.

POSIBLES RESPONSABLES DAS ACTUACIÓNS

- ▶ Comisión de convivencia.
- ▶ Equipo directivo, ou calquera dos seus membros de xeito individual.
- ▶ Departamento de orientación, ou calquera dos seus membros de xeito individual.
- ▶ Equipo de titores/as (PAT), ou calquera profesor titor individualmente.
- ▶ Comisión de coordinación pedagóxica.
- ▶ Consello escolar.
- ▶ Claustro.
- ▶ Departamentos didácticos.
- ▶ Equipos de ciclo.
- ▶ Profesorado titor.



- ▶ Profesorado especialista.
- ▶ Profesorado en xeral.
- ▶ Equipo de mediación, ou calquera dos seus membros de xeito individual.
- ▶ Inspección educativa.
- ▶ Axentes externos ao centro (outras administracións, asociacións, fundacións, ONG...) deberán explicitarse.
- ▶ Outros

5. Normas de convivencia do centro, coa concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa, así como un protocolo que contribúa á detección ou ao incumprimento destas (este elemento será común coas NOF)

- Normas básicas de convivencia:

1. Respecto a todas as persoas que conviven no Centro: profesores/as, alumnos/as, pais/nais, persoal non docente, ...
2. A asistencia a clases é obrigatoria.
3. Puntualidade á hora de entrada e saída das clases.
4. Corrección no modo de falar, xestos, etc. na relación con profesores/as, compañeiros/as e demais persoas que conviven no centro.
5. Limpeza no uso das instalacións e coidado do mobiliario e material de traballo.
6. Vestir coa corrección que lle corresponde a un centro educativo.
7. Para a clase de Educación Física é obrigatorio o uso de roupa e calzado deportivo axeitado.
8. Para o alumnado de Ed. Infantil é obrigatorio o uso de mandilón.
9. O material de educación física só será utilizado baixo a supervisión dun/ha mestre/a e deberá volver a colocarse no seu sitio unha vez rematada a actividade.
10. Fora do horario lectivo ningún/ha neno/a subirá ás aulas, agás baixo vixianza do/a mestre/a de garda.
11. Non está permitido a entrada de animais no recinto escolar.
12. Toda a documentación que sae do centro debe ser aprobada previamente polo equipo directivo.
13. Non se poden utilizar as imaxes da páxina web e dos blogs escolares, con outros fins que non sexan os propios do colexio.
14. O centro non se fai responsable do mal uso das fotografías e vídeos realizados polas familias dentro das instalacións do centro ou nas actividades complementarias e extraescolares. As familias deben facer un uso responsable das mesmas.



- **Erradicación de prexuízos sexistas no Centro:**

Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida. De forma directa, o profesorado non permitirán ningunha forma de machismo, de misoxinia ou de homofobia que puidese existir no seo da comunidade escolar. Aplicaranse activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres e dos homes garantindo a igualdade de trato e combatindo a discriminación por razóns de diversidade afectivo – sexual e identidade sexual, según a Lei 2/2014 do 14 de abril pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia. Ditas condutas son contrarias ás normas de convivencia do Centro e en función da súa gravidade terán o tratamento correspondente.

- **Protocolo do incumprimento das normas de convivencia:**

1. Os incumprimentos das normas de convivencia deberán ser valorados en función da situación e as condicións persoais do alumnado.
2. Respetarán a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.
3. En ningún caso se poderán impoñer sancións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
4. O alumnado que, individual ou colectivamente, cause dano intencionadamente ou por negligencia nas instalacións do centro queda obrigado a reparar o dano ou facerse cargo do custo da reparación. Os/as pais/nais/titores serán responsables civís subsidiarios.
5. Poderanse corrixir os actos contrarios ás normas de convivencia do centro realizados polo alumnado no recinto escolar ou durante as actividades extraescolares e complementarias. Igualmente, fóra do recinto escolar cando teñan relación coa vida escolar e afecten a compañeiros/as ou a outros membros da comunidade educativa.
6. Consideraranse circunstancias paliativas, a efectos de gradación, o recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta e a falta de intencionalidade.
7. Consideraranse circunstancias agravantes, a premeditación e reiteración en causar dano, inxuria ou ofensa aos/ás compañeiros/as ou ós restantes membros da comunidade educativa.

DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL DO CENTRO

- **Persoal docente:**

Deberes e dereitos recollidos, xunto co código de conduta ético e o réxime disciplinario como funcionarios públicos na Lei 7/2007 de 12 de abril “del Estatuto básico del empleado público” (BOE del 13 de abril) así como polo decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia (DOG 13 de xuño).



A) Dereitos

- O profesorado, dentro do respecto á Constitución, ás leis e ao presente regulamento, ten garantida a liberdade de ensino. O exercicio desta liberdade deberá orientarse a unha formación integral dos alumnos, que contribúa a formar a súa conciencia moral e cívica de xeito respectuoso coa liberdade e dignidade persoal dos mesmos.
- Intervir na xestión do centro a través dos órganos establecidos ao efecto.
- Reunirse nos locais do centro, sempre que non interrompan a actividade docente. Estas reunións comunicaranse á dirección coa antelación debida.
- Convocar reunións informativas profesionais.
- Ser tratados en todo momento con dignidade e respecto.
- Ser informados polos seus representantes nos órganos colexiados dos acordos adoptados nos mesmos.
- Ser informados das comunicacións que se reciban e lles afecten laboral e profesionalmente.
- Elixir e ser elixidos membros dos órganos colexiados.

B) Deberes

- O profesorado asistirá regular e puntualmente ao centro de traballo. As faltas de asistencia e permisos solicitaranse á xefatura de estudos. Non se poderá abandonar o centro no horario escolar sen permiso da mesma. Os horarios serán elaborados polo equipo directivo tendo en conta as necesidades do centro e do alumnado.
- Cada titor/a, profesor/a será responsable da súa aula (material, mobiliario, luces...). ao rematar as clases as aulas deben quedar perfectamente ordenadas. pecharanse as portas durante o recreo e ao finalizar a xornada escolar.
- Os cambios de hora faranse rápidos, eficientes e puntuais (prever tempo de recollida). O alumnado non pode quedar so na aula, esperarase ao profesor/a correspondente.
- O alumnado non poden estar expulsados nos pasillos nas horas de clase. Os “castigados” na hora do recreo en calquera dependencia do centro, estarán acompañados polo profesor/a que impón a sanción (a biblioteca non é un lugar de “castigo”). Non poderán acceder ao corredor das salas do profesorado agás o día da emisión do programa da radio e unicamente para este fin.
- Cando o alumnado se desplace polos corredores debe facelo ordenadamente, en silencio na compañía dun profesor.
- Cada titor/a deberá establecer claramente as normas da hora de ler na súa aula e, o profesorado que lle toque asumila, respetará dito funcionamento (fundamental que o profe tamén lea) recoméndase: - deixar o libro preparado - - facer lectura silenciosa facer un cambio se o necesita
- En cada aula haberá un libro de incidencias para que calquera profesor/a rexistre o que considere oportuno deberán resolverse co titor/a; de non ser posible acudirase á xefatura de estudos.



- O profesor/a da última sesión será o encargado de pechar a aula e acompañar ao alumnado ata o comedor.

* Titoría

- Cubrir as faltas diarias de asistencia e de puntualidade no libro amarelo e volcalas no xade cada mes (ter especial coidado co alumnado que paga comedor e absentistas).

- Cada titoría: - establecerá 30 minutos semanais destinados a traballar funcións propias de titoría: convivencia, valores, habilidades sociais... - convocará a elección democrática dun delegado/a – subdelegado/a de clase guiándoo e orientándoo nas súas funcións.

- Titorías cos pais/nais: as convocatorias deberán facerse por escrito segundo o modelo e sempre a través do titor/a e deberá cumprimentarse a folla de rexistro da entrevista.

- Facer público e comunicar ás familias os criterios de cualificación e mínimos esixibles do curso.

- As familias terán acceso aos exames e documentos de avaliación no propio centro segundo a normativa de inspección, en caso de que o requiran daráselle fotocopia.

- As demandas ao departamento de orientación dos pais/nais e profesorado faranse por escrito e a través do titor/a.

- O alumnado que recibe atención de P.T. e A.L. terá un rexistro personalizado do traballo diario nas materias de reforzo ou acs que será cuberto polo profesor correspondente e especialistas P.T. e A.L.

- O alumnado repetidor ten un “plan específico de reforzo e recuperación” (modelo en xefatura).

Sesións de avaliación:

As calificacións do alumnado estarán previamente cubertas polo profesorado correspondente o día anterior. - - - - Infantil cada titor/a coordinará as sesións de avaliación do equipo de mestr@s que imparte clase ao seu grupo. Os acordos dos equipos de avaliación serán tomados de xeito colexiado. na sesión de avaliación, cada titor/a cubrirá as actas que serán asinadas por todo o profesorado. unha vez rematada a sesión non se pode cambiar ningunha nota, sendo preciso para tal fin convocar outra sesión. A documentación será entregada á xefatura de estudos para o seu arquivo (acta de asistencia e acta de cualificacións). En caso de non control de esfínteres, serán as familias as encargadas de atender ás necesidades que poidan xurdir previo aviso do profesorado do centro.

Gardas transporte

- A garda de transporte estará cuberta segundo a quenda correspondente de 9:25 a 9:40h. darase entrada ao alumnado por filas de maneira ordenada dende 6º a 3 anos. Coa chegada do último autobús pecharase o portal de acceso.



- O profesorado de infantil acollerá ao seu alumnado no patio cuberto e o profesorado de primaria esperará na entrada para acompañalo ata as aulas (dan a entrada o profesorado de garda de transporte).

Gardas profesorado

- Para substitucións consultar o taboleiro de secretaría.
- As gardas faranse na zona de profesores para atender chamadas telefónicas e timbre de entrada recibindo a persoa que chega (non se recollerá material persoal do alumnado, merendas, mochilas, ...)
- O profesorado de garda da 1ª hora encargárase de pechar as portas principais da entrada exterior unha vez entre a derradeira fila do alumnado.
- Cando un alumn@ se incorpore tarde dirixirase a súa aula mentres o acompañante asina no libro de rexistro baixo a supervisión do profesor/a.
- Cando un alumn@ se ausente no horario lectivo o responsable asinará mentres o profesor/a recolle ao alumn@ (horarios dispoñibles na sala de profesores).
- Atenderá a “aula de convivencia” en caso de necesidade segundo o plan de convivencia do centro.

Gardas de recreo

- Esíxese puntualidade, os profesor@s encargados deberán ser os primeiros en saír e non se permite ausentarse salvo forza maior.
- O tempo de recreo estará vixiado segundo as quendas correspondentes:
 - 2 no patio de primaria.
 - 2 no patio de infantil.

A entrada farase por filas igual que pola mañá.

- En caso de choiva non se baixa ao campo. Establécense estancias de recreo en función do ciclo e do día da semana para tales casos.
- No caso de temporais ou alertas metereolóxicas a dirección informará de non saír ao exterior. Neste caso acudirase ás zonas de xogos igual que nos días de choiva.

Horario non lectivo:

- Entraremos ás 9:10
- Martes: - atención familias: de 9:10 a 9:40 e de 15:45 a 16:15 h.
 - reunións: 16:15 a 18:15 h.
- Mércores: traballo persoal.
- Xoves: reunións do departamento de orientación cos titores/profesorado para tratar temas puntuais do alumnado.
- Gardas extraescolares



- O horario é de 15:30 a 17:10 de luns a venres agás os martes.
- As gardas faranse na zona de profesorado para atender chamadas telefónicas e calquera incidencia. Hai un ficheiro de actividades extraescolares onde gardar as follas de rexistro, farase entrega e recollida da mesma ao comezo e remate da actividade. Ao remate da garda deberá quedar todo recollido e pechado (ordenadores, fotocopiadoras, luces, portas, portais...). E asinado no cadro de gardas. Faltas e sancións: Decreto 94/1991 do 20 de marzo. DOG do 25 de marzo.

- Persoal non docente

Composición: coidador/a, cociñeira/o, persoal de cociña e auxiliar de conversa.

A) Dereitos

Recollidos no Real Decreto 732/1995 do 5 de maio (BOE 2 de xuño de 1995).

- Gozar de respecto e consideración á súa persoa e a función que realizan.
- Presentar peticións, queixas ou recursos, formuladas razoadamente, ante os órganos de goberno que corresponda.
- Elixir e ser elixido representante no Consello Escolar.
- Celebrar reunións, respectando o normal desenvolvemento das actividades do centro. Estas reunións comunicaranse coa antelación debida a Dirección.

B) Deberes

- Exercer as súas funcións respectando o Proxecto de Centro.
- Colaborar na formación dun ambiente educativo que garanta os cumprimentos dos obxectivos do centro.
- Cumprir as normas de Organización e Funcionamento (NOF)
- Adoptar unha actitude de colaboración cos membros da comunidade educativa, favorecendo a convivencia no centro.

- **FAMILIAS**

A) Dereitos

- Que os seus fillos e fillas reciban unha educación conforme os fins establecidos na Constitución e nas leis.
- Libre elección de centro.
- Que os seus fillos e fillas reciban unha formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.
- Estar informados sobre o progreso de aprendizaxe e integración socio-educativa dos seus fillos e fillas.
- Participar na xestión e organización do centro nos termos establecidos nas leis.



- Ser informados polo titor/a sobre a actividade educativa do seu fillo/a.
- Presentar propostas e queixas razoadas para ser tratadas polo Consello Escolar ou por outros órganos de goberno a través dos seus representantes.
- Ser recibidos, previa solicitude no horario ao efecto, polo titor/a dos seus fillos e fillas.
- Ser informados da programación xeral anual e das actividades extraescolares.
- Ser informados e oídos sobre as faltas, as posibles sancións e decisións que afecten ós seus fillos e fillas.
- Propoñer a modificación destas Normas por medio dos seus órganos de representación.

B) Deberes

- Adoptar as medidas precisas, ou solicitar axuda en caso de dificultade, para que os seus fillos e fillas cursen os niveis obrigatorios da educación e asistan regularmente ás clases.
- Estimular aos seus fillos e fillas para que leven a cabo as actividades de estudos que se lles encomenden.
- Coñecer e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración cos profesores e o centro.
- Respetar os horarios establecidos e que o seus fillos asistan con puntualidade todos os días ó colexio e en perfecto estado de aseo.
- Xustificar as faltas de asistencia, así como as saídas en horas lectivas.
- Respetar e facer respetar as normas establecidas polo centro.
- Fomentar o respecto por todos os compoñentes da comunidade educativa.
- Proporcionar aos fillos e ás fillas o material escolar necesario. Contemplaranse aqueles casos nos que a familia careza de recursos.
- Acudir ao centro cando sexa requirido.
- Informar ao profesorado sobre as posibles necesidades educativas do seu fillo/a e colaborar na adopción das medidas pertinentes. As familias terán que aportar a documentación médica referido ao caso.
- É obriga das familias aportar os números de teléfono actualizados para posibles emerxencias, nos que poidan estar localizados en caso de necesidade.

- ALUMNADO:

A) Dereitos

Tódolos/as alumnos/as teñen os mesmos dereitos e deberes sen máis distincións que as derivadas da súa idade e do nivel que estean estudando. Tódolos/as alumnos/as teñen o dereito e o deber de formarse e coñecer os valores e principios democráticos, a normas que os regulan e os Dereitos Humanos. Tódolos/as alumnos/as teñen dereito a que a súa dedicación e esforzo sexan valorados e recoñecidos con obxectividade e a recibir orientación educativa e profesional.



Son dereitos básicos do alumno/a:

- Recibir unha formación integral que contribúa ó pleno desenvolvemento da súa personalidade.
- Respectar a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas e morais.
- Respectar a súa integridade e dignidade persoais.
- Protección contra toda agresión física e moral.
- Participar no funcionamento e na vida do centro, de conformidade coas normas vixentes.
- Recibir as axudas e apoios precisos para compensar as carencias e desvantaxes de tipo persoal, familiar, económico, social e cultural, especialmente no caso de presentar necesidades educativas especiais, que impidan ou dificulten o acceso e permanencia no sistema educativo.
- Protección social no ámbito educativo e nos casos de infortunio familiar ou accidente.

B) Deberes.

O estudo é un deber básico do alumno que se concreta en:

- Participar nas actividades formativas e, especialmente, nas orientadas ó desenvolvemento dos currículos.
- Seguir as directrices do profesorado respecto a súa educación e aprendizaxe.
- Asistir a clase con puntualidade.
- Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun clima de estudio no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros á educación.

Ademais do estudo son deberes básicos do alumnado:

- Respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais.
- Respectar a dignidade, integridade e intimidade de tódolos membros da comunidade educativa.
- Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro.
- Conservar e facer un bo uso das instalacións do centro e materiais didácticos. Calquera desperfecto intencionado deberá ser abonado polas familias.
- Deberá asistir ao Centro con puntualidade, aseo persoal requirido, vestimenta axeitada e co material necesario.
- Non poderá traer obxectos perigosos ao colexio nin calquera outro (cámaras, móbiles, videoxogos, mp3, mp4...) que non sexa relativo ao material escolar.
- As condutas contrarias ás normas de convivencia quedarán rexistradas no Centro. As familias serán informadas e sancionaranse segundo o establecido.
- As entradas e saídas ao recinto escolar e ás aulas realizarase de forma ordenada.
- No caso de que falte un profesor/a, o alumnado esperará na aula a chegada do profesor/a de garda.



- Entre clase e clase debe permanecer na aula, agás no caso de que se teña que asistir a aulas específicas. Esperarase a que o mestre os veña a recoller a aula para acompañalos a seguinte clase.
- Nos recreos desalojará as aulas, corredores e escaleiras. En caso de choiva utilizará os recantos de xogos dispostos.
- O final de cada trimestre o titor/a e os alumnos comprobarán o estado dos pupitres, cadeiras e da aula en xeral. Se este non fose o correcto, os alumnos deberán limpar e reparar todo o que estea deteriorado.
- Os libros que se collan a modo de préstamo da Biblioteca do centro deberanse devolver nos prazos establecidos. Se un alumno/a non devolvесе un libro da biblioteca do centro, deberá repoñelo e, se non é posible, pagará o seu importe.

6. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento.

Aplicarase de conformidade co establecido nos artigos 32 ao 45 do Decreto 8/2015, en desenvolvemento dos artigos 14 ao 24 da Lei 4/2011, e demais normativa que sexa de aplicación.

- CONDUCTAS CONTRARIAS A CONVIVENCIA ESCOLAR:

As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia.

* **CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA:**

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.



- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

*** Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais:**

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixiadas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

- CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA:

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea:
- os actos de discriminación da alínea



- os actos de indisciplina da alínea
- os danos da alínea
- os actos inxustificadas da alínea
- e as actuacións prexudiciais descritas na alínea
- do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.

c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente

- Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia:

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

MEDIDA	DOCENTE	TITOR/A	XX.EE.	DIRECCIÓN
Amoestación privada ou por escrito.	X	X	X	X
Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.	X	X	X	X
Realización de traballos específicos en horario lectivo.	X	X	X	X
Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.		X	X	X
Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.			X	X
Cambio de grupo por un período de ata unha semana.			X	X
Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.				X
Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.				X

7. As normas específicas para o funcionamento da Comisión de Convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións e o plan de actuación e, de ser o caso, da aula de convivencia inclusiva ou da escola de nais e pais.

- COMISIÓN DE CONVIVENCIA:

A comisión de convivencia de cada centro constitúese no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia do centro.

A comisión de convivencia, na súa composición, integra o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Está composta polas persoas representantes o profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos, e todas elas na mesma proporción na que se atopan representadas no consello escolar do centro. É presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha



das personas integrantes actúa como secretaria o secretario, quen levanta acta das súas reunións. O nomeamento das personas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou directora a proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

O réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia do centro docente concrétase neste plan de convivencia, de conformidade co establecido para os órganos colexiados en la Ley 16/2010, de 17 de diciembre, de organización y funcionamiento de la Administración general y del sector público autonómico de Galicia e, en todo caso, manterá tres reunións anuais de carácter común, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa Presidencia, a iniciativa propia ou a proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

A comisión de convivencia exercerá pola delegación do consello escolar as seguintes funcións:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e aportacións no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, polo menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desvoltas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, no seu caso, á persoa titular da dirección do centro personas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer eo cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos términos en que fuesen impostas e informar ao consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia suscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre o análise da convivencia e conflictividade no centro, na que se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de inspección educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e coa finalidade de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde se atope o centro educativo ou de outros/as profesionais segundo a problemática da que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

Profesionais aconsellables na composición da comisión de convivencia:

- Persoa que ocupe a xefatura do departamento de orientación.
- Profesorado que realice a función específica de dinamizador da convivencia no centro, segundo a Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.
- Calquera outro membro da comunidade educativa que teña formación e sensibilidade nos temas relacionados coa convivencia.

- AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

O plan de convivencia inclúe, en relación coa aula de convivencia, os seguintes aspectos:

► **Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva e actuacións que se desenvolverán nesta, segundo os criterios pedagóxicos que para tales efectos poida establecer a comisión de coordinación pedagóxica.**

O alumnado é susceptible de personarse na aula de convivencia en calquera destes tres supostos:

1. No caso de que se dean 3 incidencias nas sesións dun mesmo día.
2. Como medida correctora de illamento e de protección cara os demais (en caso de agresións físicas, brotes de ira, ...).
3. No caso dunha falta (leve ou grave) contraria á convivencia.

Terase en conta a dobre vertente do uso desta aula: como aula de atención educativa (suposto 1) ou como medida correctora (suposto 2 e 3).

O seu funcionamento no caso do suposto 1 vén recollido na Orde do 8 de setembro do 2021 e di o seguinte:

As aulas de atención educativa e convivencia son aquelas nas cales se atende, temporalmente, o alumnado que, pola súa conduta inadecuada, impida o normal desenvolvemento do traballo dunha sesión lectiva do seu grupo-clase.

Non se enviará ningunha alumna nin ningún alumno a unha aula de atención educativa e convivencia sen tarefas para realizar durante a súa permanencia nela, que non excederá o tempo que dure a sesión lectiva en que se producise a conduta inadecuada. Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esa aula proporcionar as tarefas que cada alumna ou cada alumno deban realizar, así como corrixilas e avalialas.

O alumnado derivado á aula de atención educativa e convivencia deberá desenvolver o programa de habilidades e competencias sociais que se regula no artigo 53 desta orde.

As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado remitido a esta aula serán informadas, segundo o procedemento establecido no centro, en desenvolvemento da súa autonomía, cada vez que asistan á referida aula, e indicaráselles o motivo desa remisión.

A xefatura de estudos levará un rexistro do alumnado derivado, o profesorado que o deriva e os motivos.



No caso do suposto 2 e/ou 3: cando se decida mandar a un alumno ou alumna á aula farase previo rexistro no caderno de incidencias. No caso de que a situación sexa en horas de entradas ou recreo, anotarase no caderno correspondente ao seu grupo clase por parte do profesorado testemuña. O alumnado sempre debe acudir con tarefa. Poderase valorar se en vez de tarefas curriculares son precisos outro tipo de actividades para reconducir a conduta ou resolver un conflito. Deberase notificar ao titor, equipo directivo e ás familias quedando rexistro no XADE (Xestión de alumnado – Faltas de convivencia) indicando o motivo da remisión e cubrindo o parte de conduta.

Tralo seu uso valorarase a necesidade da aplicación dun programa de habilidades sociais (elaborado nos documentos de Orientación). A permanencia dentro da aula poderá ser de ata 3 días (medida correctora de non asistencia ás sesións durante ese periodo).

► **Profesorado que atenderá educativamente a aula de convivencia inclusiva, dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro, que poderá ser profesorado de garda. Para a atención da aula de convivencia poderase contar coa colaboración do departamento de orientación. En todo caso, correspóndelle ao profesorado encargado da aula de convivencia inclusiva supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado.**

A persoa responsable da supervisión da aula de convivencia inclusiva será o membro ao cargo da xefatura do departamento de orientación. No caso dos días de itinerancia no centro adscrito estableceranse quendas entre o profesorado de garda.

Poderase estudar en casos concretos a supervisión total ou parcial por parte dunha persoa concreta do profesorado atendendo a criterios pedagóxicos.

► **Programación das actuacións do departamento de orientación do centro encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.**

O departamento de orientación será o encargado de garantir que na aula de convivencia haxa o equipamento axeitado para o seu bo funcionamento: cartaces con normas para resolución de conflitos, xogos cooperativos, recuncho da calma, contratos de bo comportamento, tarxetas de diálogo pacífico, pautas para asertividade...

Así mesmo manterase actualizado o programa de habilidades sociais e solicitarase o Contrato Programa da consellería “Emociona-T” para conseguir orzamento para a proposta de actividades complementarias ao longo do curso.

► **Horario, localización, instalacións e material didáctico con que conta a aula de convivencia inclusiva para o seu funcionamento.**

O horario de funcionamento é de 9:25 – 14:40. Está localizada na zona dos despachos da planta baixa, ao lado do despacho do Departamento de Orientación.



Conta cun aula de porta acristalada, luz directa, sen fiestra, mobiliario básico (mesa, cadeiras, armarios, estantes). E materiais funxibles e de papelería.

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a.

8. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.

Para tales fins o centro conta cos seguintes mecanismos de coordinación e colaboración:

- Rexistro de incidencias de aula.
- Partes de conduta.
- Aula inclusiva e de convivencia.
- Modelo de reunión de titorías coas familias.
- Avisos abalar para comunicación directa.
- Horario de recepción ás familias (en franxa de mañá e de tarde).
- Reunións coa Galiña Azul e centros adscritos.
- Documento de intercambio de información con axentes externos.
- Reunións de equipos/ciclos/DO/ED/CCP/consello escolar/claustro/comisións do consello e sesións de avaliación.
- Actas.
- Correo, teléfonos do centro e páxina web.
- Buzón de suxerencias.

9. Estratexias para realizar a difusión do Plan de convivencia.

En canto á difusión do Plan de convivencia, e seguindo o artigo 17 do citado decreto, indicar que:

- O equipo directivo do centro docente levará a cabo as actuacións necesarias para que o Plan de convivencia (e en especial as normas de convivencia incluídas neste) sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa.
- A Consellería con competencias en materia de educación facilitará a difusión por diferentes medios das boas prácticas educativas en materia de convivencia escolar.

10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do Plan de convivencia

Tal como se recolle no artigo 16 do Decreto 8/2015, o procedemento a seguir será: cada centro educativo establecerá os mecanismos e indicadores para o seguimento e a avaliación do Plan de convivencia.

- O equipo directivo do centros docente garantirá a participación na avaliación do Plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.
- A Comisión de Convivencia elaborará, ao remate de cada curso escolar, a correspondente memoria do Plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O Consello Escolar en pleno, por proposta da súa Comisión de Convivencia, aprobará a memoria do Plan de convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.
- Aos servizos de Inspección Educativa correspóndelles supervisar a elaboración, o desenvolvemento e a avaliación do Plan de convivencia do centro, así como prestar o asesoramento necesario para tales fins.
- A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer algún procedemento para a recollida de incidencias en materia de convivencia nos centros educativos dela dependentes, a través de medios electrónicos ou telemáticos.
- As normas de convivencia do centro, logo da súa aprobación, serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa e estarán recollidas no plan de convivencia do centro.
- O equipo directivo do centro, o claustro e o consello escolar, a través da comisión de convivencia, velarán polo cumprimento das normas establecidas.
- Correspóndelle ao equipo directivo do centro levar a cabo as actuacións necesarias para a difusión das normas de organización e funcionamento e das normas de convivencia entre a comunidade educativa.

MODELO DO INFORME DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

CRITERIOS	PUNTUACIÓN	CONSIDERACIÓNS
Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior. (Moi negativa: 0 - Moi positiva: 10)		
Alcance do plan de convivencia. (Non hai plan: 0 - Alcance moi amplo:10)		
Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia. (Non se cumpriu ningún: 0 - Cumpríronse todos:10)		
Renovación do plan de convivencia. (Non se renova: 0 - Renóvase anualmente:10)		
Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia.		



<p>(Non se desenvolveu ningunha: 0 - Desenvolvéronse todas: 10)</p>		
<p>Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa. (Non hai implicación: 0 - Implicación total: 10)</p>		
<p>Funcionamento da comisión de convivencia do centro (Moi deficitario: 0 - Excelente:10)</p>		
<p>Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia. (Non existiu coordinación: 0 - A coordinación foi moi alta: 10)</p>		
<p>Actividades formativas para membros da comunidade educativa dirixidas á mellora da convivencia. (Non existen: 0 - Fixéronse un gran número: 10)</p>		
<p>Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas. (Non existen: 0 - Existen e aplícanse con eficacia:10)</p>		
<p>Existencia, e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso. (Non existen: 0 - Existen e aplícanse con eficacia:10)</p>		
<p>Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva. (Non existe: 0 - Existe e é moi eficaz: 10)</p>		
<p>Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos. (Non existen: 0 - Existen e aplícanse con eficacia: 10)</p>		



<p>Existencia, e coñecemento, de propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión, así como a mellora da convivencia a través do éxito académico. (Non existen: 0 - Existen e aplícanse con eficacia: 10)</p>		
<p>Existencia dun programa específico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá. (Non existe: 0 - Existe e é moi eficaz: 10)</p>		
<p>Valoración global da situación da situación da convivencia escolar no centro (Moi negativa: 0 - Moi positiva: 10)</p>		



10. ANEXOS COS MODELOS DE DOCUMENTACIÓN.

REGISTRO DE INCIDENCIAS MÉDICAS DE CENTRO

NOME E APELIDOS DA PERSOA ACCIDENTADA	

PERSOA	

DATA	LUGAR

TESTEMUÑAS

CONDICIÓNS NAS QUE OCORREU O INCIDENTE

SÍNTOMAS E/OU CONSECUCENCIAS DO INCIDENTE APRECIABLES

ACCIÓNS LEVADAS A CABO

* Este alumno non aboa seguro escolar (Obrigatorio a partir de 3º da ESO) polo que a súa atención médica vai a cargo de seguro médico familiar.

NOME	
DATA	
SINATURA	



REGISTRO DE INCIDENCIAS NA AULA

- Modelo EP:

Nome alumno/as:	Data: / / Lugar: Mestre/a:	INCIDENCIA <input type="radio"/> Material <input type="radio"/> Tarefas <input type="radio"/> Interese <input type="radio"/> Comportamento <input type="radio"/> Outras <input type="checkbox"/> FALTA LEVE <input type="checkbox"/> FALTA GRAVE	Aclaración do feito (se é necesario):	Medida
Nome alumno/as:	Data: / / Lugar: Mestre/a:	INCIDENCIA <input type="radio"/> Material <input type="radio"/> Tarefas <input type="radio"/> Interese <input type="radio"/> Comportamento <input type="radio"/> Outras <input type="checkbox"/> FALTA LEVE <input type="checkbox"/> FALTA GRAVE	Aclaración do feito:	Medida
Nome alumno/as:	Data: / / Lugar: Mestre/a:	INCIDENCIA <input type="radio"/> Material <input type="radio"/> Tarefas <input type="radio"/> Interese <input type="radio"/> Comportamento <input type="radio"/> Outras <input type="checkbox"/> FALTA LEVE <input type="checkbox"/> FALTA GRAVE	Aclaración do feito:	Medida
Nome alumno/as:	Data: / / Lugar: Mestre/a:	INCIDENCIA <input type="radio"/> Material <input type="radio"/> Tarefas <input type="radio"/> Interese <input type="radio"/> Comportamento <input type="radio"/> Outras <input type="checkbox"/> FALTA LEVE <input type="checkbox"/> FALTA GRAVE	Aclaración do feito:	Medida
Nome alumno/as:	Data: / / Lugar: Mestre/a:	INCIDENCIA <input type="radio"/> Material <input type="radio"/> Tarefas <input type="radio"/> Interese <input type="radio"/> Comportamento <input type="radio"/> Outras <input type="checkbox"/> FALTA LEVE <input type="checkbox"/> FALTA GRAVE	Aclaración do feito:	Medida

- Modelo EI:

Nome alumno/as:	Data: / / Mestre/a:	GRAVIDADE DA INCIDENCIA Leve Media Grave	Que sucedeu?	Medida
Nome alumno/as:	Data: / / Mestre/a:	GRAVIDADE DA INCIDENCIA Leve Media Grave	Que sucedeu?	Medida
Nome alumno/as:	Data: / / Mestre/a:	GRAVIDADE DA INCIDENCIA Leve Media Grave	Que sucedeu?	Medida
Nome alumno/as:	Data: / / Mestre/a:	GRAVIDADE DA INCIDENCIA Leve Media Grave	Que sucedeu?	Medida
Nome alumno/as:	Data: / / Mestre/a:	GRAVIDADE DA INCIDENCIA Leve Media Grave	Que sucedeu?	Medida



MODELO SOLICITUDE DE INFORMACIÓN

AUTORIZACIÓN PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN DO ALUMNADO

Seguindo o establecido no protocolo de protección de datos fixado pola Consellería de Educación que atende a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, que ten por obxecto garantir e protexer, no que concirne ao tratamento dos datos persoais, as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente do seu honor e intimidade persoal e familiar establece no punto 4.3: “[...] Porén, os proxenitores poden autorizar a que calquera persoa, xa sexa un familiar ou nova parella dalgún dos proxenitores teña acceso á información sobre o menor”.

Os abaixo asinantes, nai, pai ou titores legais do **alumno ou alumna de nome e apelidos:** deste centro escolarizado/a no curso de

Educación ¹

AUTORIZAMOS o acceso á información do/a menor de carácter académico e educativo (cualificacións, informes psicopedagóxicos, reunións de titorías, urxencias médicas, ausencias e xustificación, inscrición no comedor, transporte, actividades extraescolares...) que poida facerse dende o centro **á seguinte persoa:**

NOME E APELIDOS	DNI	RELACIÓN CO/A MENOR

En Oia, a de 20__

A nai ou titora legal

Nome e apelidos:

Asdo.

DNI

O pai ou titor legal

Nome e apelidos:

Asdo.

DNI

¹**Especifíquese:** Infantil ou Primaria.



REGISTRO DE ENTREVISTA (TITORÍA)

Data :

/ /

Alumno/a:

Curso:

PAI/NAI ou titor/a legal (autorizado/a):

SOLICITADA POR	MEDIO	Participantes
<input type="radio"/> Titor /a. <input type="radio"/> Pai /nai ou titor/a legal. <input type="radio"/> Mestre especialista. <input type="radio"/> DO. <input type="radio"/> Equipo directivo.	<input type="radio"/> Presencial. <input type="radio"/> Telefónica. <input type="radio"/> Videochamada.	

MOTIVO	Observacións
<input type="radio"/> Actitude / comportamento. <input type="radio"/> Rendemento – dificultades no proceso de aprendizaxe. <input type="radio"/> Información xeral do alumno/a. <input type="radio"/> Faltas de asistencia. <input type="radio"/> Outras.	

ACORDOS

Pai /nai ou titor/a legal:

Mestres asistentes:



MODELO XUSTIFICACIÓN FALTAS DE ASISTENCIA

XUSTIFICACIÓN FALTAS DE ASISTENCIA

DON/ DONA _____ COMO PAI/ NAI/ TITOR/A DO ALUMNO/A:

DO CURSO.

XUSTIFICA A NON ASISTENCIA Á CLASE DO ALUMNO/A NOS SEGUINTE DÍAS:

 DÍAS	MOTIVO
/ /	
/ /	
/ /	
/ /	
/ /	
/ /	
/ /	

FIRMA
DNI

O presente Plan de Convivencia, foi elaborado polo equipo de convivencia e aprobado pola dirección do centro o día 26 de xuño do 2023 e será presentado ao Claustro de mestres e ao Consello Escolar o día 28 e 29 de xuño de 2023.

Oia, a 26 de xuño de 2023.

Visto e Prace

A dirección:

Asdo.: